

ELECCIÓN AO CONSELLO ESCOLAR 2024 **INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS**

Seguindo a **Resolución do 10 de setembro de 2024**, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións dos membros dos consellos escolares dos centros docentes sostidos con fondos públicos, no CPI Luís Díaz Moreno procederase, durante o mes de novembro, ás votacións para a renovación parcial dos membros do Consello Escolar, renovación que afectará a:

- Catro membros do profesorado.
- Un alumno/a
- Un membro do colectivo de pais/nais.
- Un membro do persoal de administración e servizos do centro.

Neste caso seredes os responsables da elección do pai/nai a renovar no consello escolar.

Quen pode votar

Tódolos membros da comunidade escolar que figuren no censo que aprobará a Xunta Electoral.

Modo de emitir o voto

- O voto será directo, secreto e non delegable. Deberase mostrar, no momento da votación, o DNI ou documento similar.
- Os modelos de papeletas e sobres de votación serán, obrigatoriamente, os previamente fixados pola Xunta Electoral; haberá cantidade suficiente no local de votación.
- Nas referidas papeletas figurarán os nomes dos candidatos/as por orde alfabética, e cada persoa electora poderá marcar tantas cruces como membros que haxa que renovar.

Procedemento

1º Formación da Xunta Electoral

Estará formada por: o director, por un membro do profesorado, **un pai ou unha nai** (ou titor/a legal), unha persoa representante do PAS e un membro do alumnado de ESO. O sorteo dos membros da Xunta Electoral será de forma pública o **luns 21 de outubro as 14:45 h** na sala de reunións do edificio administrativo.

Convocarase os membros da Xunta Electoral a unha primeira reunión que se celebrará o **venres 25 outubro** para os seguintes procesos: Constituír a xunta electoral, aprobar

calendario de actuacións, publicación dos censos electorais e aprobar os escritos solicitando representantes do concello e da AMPA.

Presentación de candidaturas

Todos os membros da comunidade escolar, que figuren no censo aprobado pola Xunta Electoral, poden presentar as súas candidaturas na secretaría do centro, no prazo que fará público a **Xunta Electoral (XE)**.